

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DE LIMPEZA, DOCUMENTACIÓN E DIAGNOSE DO ESTADO DE CONSERVACIÓN DAS PINTURAS RUPESTRES DA COVA DOS MOUROS (BALEIRA, LUGO).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento conxenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022.

Que o instrumento conxenial ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dunha actuación de limpeza, documentación e diagnose do estado de conservación das pinturas rupestres das pinturas rupestres da Cova dos Mouros (Baleira, Lugo)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxenial que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



En xullo de 2017 localizáronse restos de pinturas no lateral norte deste abrigo que, segundo os estudos preliminares realizados, son un exemplo singular do que a historiografía veu a denominar “pintura esquemática”, datada de maneira xenérica entre o 5000 e o 1000 antes da nosa era (entre o Neolítico e a Idade do Bronce). A día de hoxe hai localizados 11 paneis pictóricos, aínda que podería haber máis dado a presenza de abundantes costras e depósitos que dificultan a súa identificación. En concreto, trátase de motivos que tenden á esquematización, compostos por agrupacións paralelas de semicírculos que se repiten en varios paneis do sitio, tamén se observan barras verticais e quizais algunha representación antropomorfa, todas elas realizadas con pigmento de cor vermello.

No ano 2018 levouse a cabo unha actuación arqueolóxica na referida cova coa finalidade de localizar restos materiais que permitiran contextualizar cultural e cronoloxicamente as ditas pinturas rupestres. Os traballos consistiron na realización dun levantamento topográfico da cavidade por medio de láser escáner e de tres sondaxes arqueolóxicas manuais cunha superficie duns 20 m², cuxos resultados confirmaron a existencia de ocupacións humanas prehistóricas neste abrigo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

